ARQUIVO DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

# MEMORIA ANUAL

## Ano 2004

Índice

1.- PRESENTACIÓN. 2
2.- O ARQUIVO PROVINCIAL. 4
2.1.- O Arquivo Provincial. As Instalacións. 5
2.2.- Os fondos documentais do Arquivo Provincial. 6
3.- INGRESOS – TRANSFERENCIAS. 13
3.1.- Ingresos Ordinarios. 13
3.2.- Ingresos Extraordinarios 13
3.3.- Ingresos e volume total. 14
4.- SERVIZO DE CONSULTA. 15
4.1.- Servizos internos. 15
4.2.- Servizos externos 15
5.- OUTRAS TAREFAS E ACTIVIDADES. 16

## 1.- PRESENTACIÓN.

En Galicia, a primeira Deputación constitúese o 19 de marzo de 1813, presidida polo marqués de Campo Sagrado, contando cun vicepresidente e sete vogais representando as sete cidades capitais das antigas provincias.

O nacemento da provincia como entidade local con vida propia data da Constitución de Cádiz, aprobada no ano 1812, que estableceu por vez primeira no seu artigo 325 unhas institucións, as deputacións provinciais, concibidas como órgano reitor de cada unha delas, presididas polo xefe superior e con funcións básicas de control e vixilancia da administración dos lugares que integran aquela.

Haberá que esperar até o decreto das Cortes de 27 de xaneiro de 1822 para que se plasme unha nova división provincial que divide a Galicia nas catro provincias actuais, con pequenas variacións, asignándose a capitalidade da provincia actual á Vigo, onde se constituirá a Deputación Provincial o 24 de maio de 1822, chegando a funcionar algo máis dun ano, data na que volven ser suprimidas pola restitución do rei Fernando VII.

Co decreto de 30 de novembro de 1833, inspirado por Javier de Burgos, iníciase o proceso definitivo que culmina coa restitución das catro provincias galegas actuais e a constitución das Deputacións actuais, sendo o 12 de febreiro de 1836 cando se constitúe definitivamente a de Pontevedra, logo de certas disputas coa cidade de Vigo, reticente a perder a capitalidade.

Desde o ano 1836 até hoxe, a Deputación vén desempeñando con total continuidade un amplo abano de funcións e actividades, que foron variando de acordo coa lexislación aplicable en cada momento. Inicialmente, a Constitución de Cádiz asígnalle as funcións de aprobar os repartimentos das contribucións dos pobos da provincia, velar polo axeitado investimento dos fondos públicos, coidar o establecemento dos concellos, propoñerlle arbitrios ó Goberno, promover a educación, a agricultura e a industria, formar o censo e a estatística provincial, coidar dos centros benéficos e dar conta das infraccións que xurdan na provincia.

A lexislación actual asígnalle as competencias propias de coordinar os servizos municipais entre si para garantir a súa prestación adecuada; a asistencia xurídica, económica e técnica ós concellos; a prestación de servizos públicos de carácter supra-municipal e, en xeral, o fomento dos intereses particulares da provincia.

Este cúmulo de xeneralidades que se vén mantendo en toda a lexislación local provocou unha serie de actuacións moi diversificadas, das que quedarán moitos testemuños documentais e que se reflicten no cadro de clasificación do fondo documental desta institución.

As modificacións alcanzaron tamén a propia organización da institución e a designación, competencias e denominación dos seus órganos de goberno e órganos administrativos.

O órgano unipersoal que dirixe a Deputación é inicialmente o xefe político, antecedente directo do gobernador civil, sendo o primeiro presidente desta institución D. Miguel del Pino. En 1863 establécese que a Corporación elixa entre os seus membros un presidente para cada sesión, pero logo o sexenio revolucionario volve á figura do gobernador civil- presidente de facto. Será a lei de 1870 a que estableza a figura do presidente para un período de sesións, sendo nomeado polo propio gobernador civil ou pola Corporación dependendo do momento. Con posterioridade, na maior parte das ocasións será o gobernador o que nomee directamente ó Presidente e non será até o ano 1950 cando apareza a figura do presidente da Deputación como órgano diferenciado e independente do gobernador civil, que aínda así e todo permanecerá como presidente nato da institución até 1978. No período democrático o presidente e un órgano electo, de forma indirecta, entre e polos deputados provinciais.

Nun principio o número de deputados que integraban o Pleno da Corporación era de sete, un por partido xudicial, variando sucesivamente tanto a fórmula de elección coma o número total destes, alcanzando na actualidade un total de 27 deputados, como representación proporcional ó número de habitantes dos 13 partidos xudiciais.

Esta estrutura complétase con outros órganos colexiados estables, ademais das variables comisións informativas e especiais creadas en cada período.

## 2.- O ARQUIVO PROVINCIAL.

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico insírese no organigrama da Deputación de Pontevedra como órgano encargado da planificación e desenvolvemento das actuacións relacionadas co patrimonio documental e bibliográfico, resultado do natural das actuacións do Arquivo e da Biblioteca e coa finalidade básica de difundir a información e a cultura.

A súa formulación organizativa inclúe tres grandes áreas de actuación: Patrimonio Documental, Patrimonio Bibliográfico e Editorial.

No relativo ao Patrimonio Documental conta con dúas seccións:

1.-Arquivo da Deputación: a súa función básica consiste en recoller, organizar e servir a documentación producida polos propios organismos da Deputación e aqueloutros fondos recibidos por vías e causas diversas (compras, doazóns...).

2.-Patrimonio Documental Provincial: encargado da información e asistencia técnica permanente en todo o que atinxe ao patrimonio documental existente na provincia de Pontevedra, especialmente aquel ligado ás entidades locais segundo a función legal atribuída ás deputacións para lles proporcionar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica ós concellos.

O Patrimonio Bibliográfico xestiona o fondo bibliográfico xurdido a partir dunha política de adquisicións, doazóns e intercambio bibliográfico de monografías referidas á provincia de Pontevedra e a Galicia. Conta ademais entre as súas funcións a da salvagarda e divulgación do patrimonio cultural inmaterial deste territorio. Conta na súa organización coas sección de monografías de Galicia, hemeroteca, cartoteca, fondos sonoros e musicais, fondo gráfico e fondo audiovisual.

A Editorial ten a función de darlle forma e funcionalidade á política desta Deputación no que respecta á edición e difusión das publicacións periódicas e dos fondos bibliográficos, nace o Servizo de Publicacións en 1986, que dispón dunha ampla gama de obras editadas, froito dunha coidada selección de coleccións e campos temáticos.

| RELACIÓN POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS A PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO: | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| UNIDADE | DESCRICIÓN POSTO | DOT | CD | C.ESPECIFICO | T | P | AD | GRUPO | CP | REQUISITOS | OBSERV. |
| 332 | XEFE DE SERVIZO PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO | 1 | 29 | 29.148,11 | S | L | AE | A1 | TS | | |

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 332 | XEFE DE SECCIÓN ARQUIVO CENTRAL | 1 | 26 | 10.314,84 | S | C | AE | A1 | TS | | |
| 332 | XEFE DE SECCIÓN ARQUIVOS DA PROVINCIA | 1 | 26 | 10.314,84 | S | C | AE | A1 | TS | | |
| 332 | XEFE DE SECCIÓN BIBLIOTECA SUÁREZ LLANOS | 1 | 26 | 10.314,84 | S | C | AE | A1 | TS | | |
| 332 | XEFE DE SECCIÓN FONDOS ESPECIAIS | 1 | 26 | 10.314,84 | S | C | AE | A1 | TS | | |
| 332 | CARTÓGRAFO | 1 | 23 | 7.829,70 | N | C | AE | A2 | TM | | |
| 332 | TÉCNICO MEDIO ARQUIVO E BIBLIOTECA | 3 | 23 | 7.829,70 | N | C | AE | A2 | TM | | |
| 332 | CORRECTOR DE PROBAS XEFE NEGOCIADO | 1 | 22 | 7.427,18 | N | C | AE | C1 | TA | | |
| 332 | ADMINISTRATIVO | 1 | 20 | 7.124,56 | N | C | AX | C1 | AD | | |
| 332 | TÉCNICO ESPECIALISTA EN ARQUIVO E BIBLIOTECA | 1 | 20 | 7.124,56 | N | C | AE | C1 | TA | | |
| 332 | TÉCNICO ESPECIALISTA EN CARTOGRAFÍA | 1 | 20 | 7.124,56 | N | C | AE | C1 | TA | | |
| 332 | TÉCNICO ESPECIALISTA EN COMPOSICIÓN/EDICIÓN | 2 | 20 | 7.124,56 | N | C | AE | C1 | TA | | |
| 332 | XEFE DE ALMACÉN | 1 | 20 | 6.720,76 | N | C | PO | C1 | EN | | |
| 332 | AUILIAR EN DOCUMENTACIÓN AUDIOVISUAL | 2 | 18 | 7.017,50 | N | C | SE | C2 | CE | | |
| 332 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | 1 | 18 | 7.017,50 | N | C | AX | C2 | AU | | |
| 332 | OFICIAL AUDIOVISUAL PATRIMONIO | 1 | 17 | 6.618,81 | N | C | PO | C2 | OF | | |
| 332 | OPERARIO CARGADOR | 1 | 13 | 6.196,89 | N | C | PO | E | OP | | |
| 332 | OPERARIO SERVICIOS VARIOS ARQUIVO | 1 | 13 | 6.196,89 | N | C | PO | E | OP | | |
| **Total 332** | | **22** | | | | | | | | | |

## 2.1.- O Arquivo Provincial. As Instalacións.

O Arquivo, xunto cos demais servizos da Deputación, instálase inicialmente, tras unha breve estancia na rúa Costa de Santa María, no desamortizado convento de San Francisco onde permanece até 1890, ano no que se traslada á nova sede do actual Pazo provincial.

Na actualidade o Arquivo da Deputación, amén dun espazo no propio Pazo destinado á recepción documental transferida, ocupa o edificio situado entre as rúas Pai Amoedo, Pai Sarmiento e a edificación do antigo convento dos Xesuítas, á que se une nos puntos extremos.

Esta edificación foi reformada entre os anos 1981 e 1983 para instalar o arquivo na planta baixa e salas de exposicións do Museo e vivenda nas plantas superiores. No ano 2005 iníciase o proceso de restauración completa coa intención de dedicar a totalidade da edificación para as instalacións do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.

No ano 2008 inaugurouse esta nova sede logo da reforma integral do edificio, o que proporciona unhas instalacións modernas e amplas, axeitadas para o desenvolvemento das actuacións e servizos que se veñen prestando. Entre as premisas do proxecto destacaba o resalte da edificación mediante unha fachada na que se promociona a parte central, que se transforma nun corpo transparente e diáfano, combinando cobre e pedra, que abre o edificio á cidade.

O proxecto, obra do arquitecto José Enrique Pérez-Ardá Criado, da como resultado unha nova distribución interna con cinco plantas: dous sotos para depósito de fondos documentais, cunha superficie de 1.100 m2, nos que se instala os equipamentos necesarios para a súa específica función, todos eles con estante compacto.

Na planta baixa disponse un gran patio distribuidor central, algúns despachos e zonas de servizos comúns, coma o salón de usos múltiples.

Nas plantas superiores distribúense as zonas de traballo e consulta das diferentes seccións do Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico: arquivo, biblioteca, gabinete de normalización lingüística e editorial, cada un deles cos seus medios e instalacións inherentes.

## 2.2.- Os fondos documentais do Arquivo Provincial.

O Arquivo da Deputación de Pontevedra conserva e dispón especialmente o fondo documental xerado pola institución no desenvolvemento das súas funcións e servizos.

Xunto con este patrimonio dispón doutros fondos documentais debidamente individualizados que por vías e causas diversas recibidas no seu día, tanto de carácter público ou institucional coma privado e familiar.

FONDOS:

<u>1.- Fondo Deputación de Pontevedra (1708-Actualidade)</u>

O fondo organizouse seguindo un criterio de clasificación orgánico-funcional, co resultado do actual cadro de clasificación, artellado arredor de catro seccións, referidas sucesivamente a xestión dos órganos de goberno colexiados e unipersoais, o funcionamento administrativo, a xestión de servizos e, por último ó control e xestión orzamentario. Cada unha destas seccións subdivídese en subseccións e estas en series e subseries, atendendo á variedade da tipoloxía documental e ás series existentes.

E así no Fondo da Deputación merecen destacarse, entre outros, os documentos que reflicten a creación e modificación dos diferentes concellos que integran a provincia, por ser este un proceso no que sempre interveu a Deputación; así como os libros de actas dos órganos colexiados, mantendo a secuencia cronolóxica desde o período de sesións inicial (acta de constitución da Deputación de 12 de febreiro de 1836.

Por outra parte, o fondo inclúe algunha documentación anterior á creación da Deputación por considerarse antecedente directo e ter a continuidade oportuna na mesma serie en épocas posteriores, destacamos as seguintes series:

- Expedientes de división territorial desde 1833
- Expedientes de camiños, estradas e fontes desde 1830
- Expedientes de visitas as Devesas Reais e Plantíos desde 1748
- Expedientes de quintas desde 1834
- Expedientes de sanidade desde 1833
- Expedientes de beneficencia desde 1786
- Expedientes de educación desde 1834
- Expedientes de Contadoría de propios e arbitrios desde 1759 a 1856, referida ó control económico dos cotos, xurisdicións e concellos

<u>2.-Casa Porto-Briallos (1516-1894): 7 unidades de instalación; 598 agrupacións documentais.</u>

Importante fondo documental con abundantes testemuños dos séculos XVI e XVII. Contén moita información de carácter xenealóxico e tamén económico.

<u>3.-Unión de Xornalistas de Pontevedra (1982-1985): 3 unidades de instalación; 12 agrupacións documentais.</u>

A pesar de ser un fondo pouco voluminoso, tanto as actas coma a documentación dos seus afiliados pode ter certo interese para o coñecemento deste colectivo profesional. Ademais da documentación consérvanse así mesmo cuños, anagramas, diplomas e unha placa conmemorativa.

4.-Xunta Provincial de Ordenación Económico-Social (1941-1961): 15 unidades de instalación; 346 agrupacións documentais.

É unha interesante documentación para estudar as necesidades básicas dos municipios que se traduce documentalmente en enquisas, estatísticas e correspondencia que reflicten as carencias destes anos da posguerra na provincia. Achegan información sobre poboación, infraestruturas e fundamentalmente sobre o paro obreiro.

5.-Colección Gaspar Massó (1535-1982): 1 unidade de instalación; 16 agrupacións documentais.

A documentación foi reunida por Gaspar Massó para os seus estudos sobre Pedro Madruga e a familia Sotomayor, relacionada coa familia Caamaño, que asume o Condado de Maceda. O seu maior interese é a achega de xenealoxías.

6.- Xunta de Axuda a Municipios (1945-1965): 99 unidades de instalación; 2.284 agrupacións documentais.

Información relativa ás obras realizadas nos diversos concellos, pero o máis interesante deste fondo son as fotografías conservadas nos expedientes, que nos deixan constancia de pontes, lavadoiros, fontes, casas dos concellos, camiños e centros rurais de hixiene.

7.-Instituto Nacional de Colonización (1946-1966): 22 unidades de instalación; 1.211 agrupacións documentais.

Documentación de trámite sen maior interese histórico, comprende expedientes de tres clases: subvencións, anticipos e auxilios técnicos para pequenas obras no rural.

8.-Familia Malvar (1512-1877): 15 unidades de instalación; 408 agrupacións documentais.

Contén basicamente documentación relacionada coa evolución familiar, co cobro de rendas e coas propiedades e casas da familia localizadas nas actuais catro provincias galegas. Estas son as casas de Vilerma e Eiroas na provincia de Ourense, a casa da Touza na de Pontevedra, a de Toiriz en Lugo e as de Periscal, Noia e Xallas na Coruña.

Ten grande importancia histórica para estudar as xenealoxías e a historia económica dos séculos XVI e XVII coa súa complicada rede de aproveitamento e xestión.

9.-Familia Mosquera (1674-1961): 1 unidade de instalación; 125 agrupacións documentais.

Contén información sobre foros e modificación do patrimonio familiar de interese para o estudo da historia económica de Galicia.

10.-Familia Caamaño (1411-1895): 138 unidades de instalación con 3.574 agrupacións documentais.

Moi interesante non só para a investigación xenealóxica senón tamén pola abundante información sobre a historia económica, a transmisión da propiedade e a administración do patrimonio no ámbito xeral de Galicia pois abarca as catro provincias. A documentación relativa a preitos é importantísima pola amplitude cronolóxica e refírese basicamente a cuestións patrimoniais e á sucesión de morgados e vínculos, das cales a máis importante é a que produce o marquesado de Vilagarcía entre os séculos XVIII e XIX. Comprende documentación de varias casas e familias que por agregación converxen na familia Caamaño.

11.-Xunta Provincial de Electrificación (1954-1973): 33 unidades de instalación; 387 agrupacións documentais.

Información sobre a paulatina electrificación da provincia.

12.-Servizo Nacional de Inspección e Asesoramento das Corporacións Locais (1834–1985): 155 unidades de instalación con 810 agrupacións documentais.

Documentación de gran interese para os estudios de temática local xa que recollen acordos, visitas de inspección, queixas, reclamacións contra actuacións dos concellos e incluso orzamentos carcerarios.

13.-Padroádego de Vivendas de Funcionarios (1950-2006): 13 unidades de instalación; 100 agrupacións documentais.

Contén antecedentes dun padroádego de vivendas patrocinado polo Concello de Tui coas datas 1936-1964. Destaca a documentación relativa a construción do edificio da Alameda.

14.-Gota de Leite (1931-1937): 3 unidades de instalación; 5 agrupacións documentais.

Este escaso fondo contén basicamente información sobre a posta en funcionamento da institución e cuestións de contabilidade.

15.-Inclusa Provincial (1773-1958):122 unidades de instalación (71 libros de rexistro e 52 unidades de instalación); 2949 agrupacións documentais.

Ten un grande interese para o estudio da realidade social da infancia, para a busca de biografías familiares e para o estudio histórico e social da cidade de Pontevedra desde o último terzo do século XIX e primeira metade do XX.

16.-Hospicio (1829-1979): 188 unidades de instalación (96 libros de rexistro e 92 unidades de instalación) con 1.254 agrupacións documentais.

Ten grande interese para o estudo da situación social da provincia. Derivada da función de beneficencia e asistencial propia das deputacións e pola súa vinculación económica con ela, estes fondos estiveron sempre baixo a custodia do organismo provincial.

17.-Familia Domínguez Sánchez (1650-1963): 2 unidades de instalación; 178 agrupacións documentais.

Constitúe un importante fondo documental para poder estudiar a propia familia e a súa xestión patrimonial . A maior parte alude ó aproveitamento económico das propiedades de Vicente Domínguez Vidal, o seu fillo Juan Domínguez Sánchez e o sogro Álvaro Sánchez. Contén tamén documentación relativa ó escribán Antonio Durán de Castro, veciño das Neves.

18.-Asociación da Prensa de Vigo (1930-1995): 82 unidades de instalación con 506 agrupacións documentais

Constitúe un importante fondo documental para poder estudar a realidade dos protagonistas da prensa viguesa, especialmente no relacionado coa "Hoja del Lunes".

Destacan neste fondo a documentación referida ás actuacións dos órganos de goberno (Xunta Directiva e Asemblea Xeral) así como a derivada das relacións coas diferentes asociacións nacionais. Tamén é de interese o control dos socios así como toda a referida a un variado conxunto de actividades que desenvolveu a asociación desde 1949.

19.-Familia Nores (1610-2005): 2 unidades de instalación; 18 agrupacións documentais.

Colección documental variada da Familia Nores, especialmente de D. Narciso Nores Salgado e o seu fillo, D. Agustín Nores Patiño, relacionada tanto coas súas propiedades e actuacións familiares coma coa súa actividade empresarial no sector conserveiro, na contorna da vila de Marín.

20.-Augusto Bárcena Saracho (1631-2013): 31 unidades de instalación con 142 agrupacións documentais

Este fondo está composto por diversos documentos de índole xenealóxica e relixiosa así como de carácter notarial pertencentes á Familia Bárcena Saracho. Ademais, inclúense series documentais compostas por documentación varia relacionada co terreo Sobral, tales como cartas, recibos e outra documentación, ademais de correspondencia, fotografías, postais, revistas e outra documentación de carácter persoal pertencente aos diferentes membros da Familia Bárcena Saracho.

21.-Marqueses de Leis (1502-2009 ): 9 unidades de instalación; 273 agrupacións documentais.

Contén información interesante para o coñecemento da historia económica, transmisión de propiedades e administración do patrimonio no ámbito local de Pontevedra maiormente, con referencias a outros lugares da provincia nos que a familia posuía propiedades e cobraba rendas.

22.-Ateneo de Pontevedra (1966-2008): 10 unidades de instalación ; 45 agrupacións documentais.

Documentación sobre o funcionamento do Ateneo de Pontevedra, especialmente entre o 1990 e o 2007, con especial referencia aos actos e actividades culturais e a contabilidade. Inclúe tamén o regulamento de 1966, correspondencia dos anos noventa e un libro de rexistro de socios de 1966 a 1988.

23.-Pazo da Buzaca (1455-2013): 41 unidades de instalación; 876 agrupacións documentais

Importante fondo documental con abundantes testemuñas dos séculos XVII ao XIX. Contén moita información de carácter xenealóxico e tamén económico.

Presenta gran interese para o estudo dos foros, vínculos, capelanías e outros aspectos da vida económica das áreas de Caldas de Reis, Moraña, Barro, Cuntis e Vilagarcía. Para o século XIX ten interese para o estudo da administración e da política local e estatal por canto algúns membros da familia Varela ocuparon cargos de relevancia como Deputados Provinciais. É o caso de Lorenzo Varela Sarmiento, Deputado a Cortes, ao mesmo tempo que o seu curmán Benito Espinosa Varela, do Pazo de Cascaxide nas terras do Deza, e Diego López Ballesteros, tamen parente e dono do pazo da Golpelleira de Vilagarcía, entre 1836 e 1865, chegando incluso a presidente do Congreso. A maior parte da documentación é dos séculos XVII e XIX.

24.-Pazo Torre Quintáns (1505-1974): 23 unidades de instalación; 1.039 unidades documentais

Información de transmisión da propiedade, administración do patrimonio, foros, vínculos, e outros aspectos da vida económica das áreas do Salnés: Cambados, Meis, Ribadumia, Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa...

É interesante como se mostra a evolución dos foros pois abranguen unha gran amplitude temporal chegando nos derradeiros anos do XIX a moitos preitos entre propietarios e foreiros a raíz do inicio da liquidación dos mesmos polas leis promulgadas durante a primeira metade do século XX. Inclúe un pergameo de 1517 e tres árbores xenealóxicas.

------------------------------------

Actualmente tamén está custodiado no Arquivo Provincial o seguinte fondo documental:

→ Pazo Rubiáns (1321-2000): 268 unidades de instalación; 7.990 agrupacións documentais.

Contén documentación desde o século XIV até actualidade sendo un importante fondo documental para o estudo das relacións económicas e de poder durante a baixa idade media, a época moderna e a idade contemporánea, especialmente na comarca de Vilagarcía de Arousa.

# 3.- INGRESOS – TRANSFERENCIAS.

A transferencia ou remisión de fondos é o conxunto de procedementos mediante os que os documentos son remitidos dunha fase a outra de arquivo seguindo o denominado ciclo de vida dos documentos. Desta forma, os documentos son transferidos desde os arquivos de oficina ao arquivo intermedio e, desde este ao arquivo histórico, en función dun calendario previamente establecido. Alén da transferencia ordinaria procedente dos distintos servizos da institución, tamén existen as transferencias ou ingresos extraordinarios que son aqueles que se realizan de forma ocasional e sen prazo determinado.

## 3.1.- Ingresos Ordinarios.

| Servizos/seccións | Volume/Unidades |
|---|---|
| Intervención (Rendas) | |
| Tesouraría | |
| Secretaría Xeral | |
| Arquitectura | |
| Cultura e Deportes | |
| Cooperación | |
| Acción Social | |
| Contratación | |
| Prevención e Riscos Laborais | |
| Recursos Humanos | |
| Infraestructuras | |
| Rexistro Xeral | |
| ORAL | |
| **TOTAL** | **999** |

## 3.2.- Ingresos Extraordinarios

O ingreso de documentos por transferencias extraordinarias se produce de forma ocasional, sen prazos determinados nin periodicidade algunha; ao contrario, dependen de numerosas continxencias.

Este ano tivemos tres ingresos deste tipo e cada un obedece a circunstancias diferentes. O da Cidade Infantil ven motivado polos Servizos Sociais, que desenvolven os proxectos dos Fondos Europeos, que van xestionado nas propias oficinas da C.I.P.F. Alí dispoñen dun arquivo de oficina no que gardan a documentación. Cando se remata algún proxecto faise o traslado ao Arquivo definitivo.

Ademáis, houbo unha doazón do Hospital San Juan de Dios dunha caixa que tiña José Luis Rodríguez, xefe do servizo de Contratación, no seu despacho.

Por outra banda, no mes de abril depositáronse novos expedientes do Fondo do Pazo Torre Quintáns, fondo número 24 do Arquivo Provincial.

| Servizos/seccións | Datas extremas | Volume/Unidades |
|---|---|---|
| Centro Príncipe Felipe (Proxectos Europeos) | | |
| Hospital San Juan de Dios | 1735-1835 | 1 |
| Pazo Torre Quintáns | | |
| TOTAL | | |

## 3.3.- Ingresos e volume total.

Así pois, durante o ano 2015 o Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra ingresou nos seus depósitos un total de 999 unidades de instalación procedentes de catorce servizos ou seccións da propia institución. Desde o exterior houbo dous ingresos.

Desta forma, o Arquivo atinxiu as 36.692 unidades de instalación ao 31 de decembro de 2015, fronte as 35.779 a mesma data do ano anterior, e tendo en conta que se intercalaron expedientes en unidades de instalación anteriores que quedaran baleiras.

## 4.- SERVIZO DE CONSULTA.

O obxecto final dos traballos arquivísticos é por a disposición do público e da propia Institución a información contida nos documentos custodiados no propio Arquivo. Neste senso, podemos distinguir dous grandes grupos de usuarios:

### 4.1.- Servizos internos.

Son aqueles que se prestan á propia Deputación, que inclúe a información, en calquera fórmula, ou o préstamo directo de todo documento orixinal.

A estes usuarios lles foron prestados un total de 403 expedientes.

### 4.2.- Servizos externos

Os servizos externos poden ser subdivididos en:

- Servizos a outras administracións públicas, mediante consulta, copias e certificacións, daqueles documentos que lles sexan necesarios para o desenvolvemento das súas funcións recoñecidas por lei. Tamén a comunicación dos datos contidos no arquivo que necesiten por motivos históricos, científicos ou culturais.
- Servizo aos cidadáns, desde a premisa de que inicialmente os cidadáns poden consultar calquera documento, excepto aqueles que conteñan datos de acceso restrinxido pola lei.

  Inicialmente pode consultarse directamente ou obter informes, copias, certificacións e compulsas de todo documento de libre acceso, salvo que se prexudicara de forma sensible a conservación do documento, ou que entorpeza o normal desenvolvemento do servizo.
- Servizo aos investigadores, co fin de contribuír e fomentar a investigación histórica tanto da provincia de Pontevedra coma das diferentes entidades locais que a forman, estimulando especialmente o uso e consulta dos fondos documentais, sen limite temporal e co uso dos medios de información e reprografía dispoñibles.

  Estes usuarios externos realizaron 787 consultas en sala.

## 5.- OUTRAS TAREFAS E ACTIVIDADES.

1. Museo de Pontevedra.

Seguindo coa dinámica imposta desde o ano anterior, os consultores e investigadores dos fondos documentais do Museo deben localizar a información documental do Museo nas bases de datos situadas na sala de consulta do Arquivo, para de seguido facer a petición de expedientes que queren ver.

Proceso a seguir:

A tramitación vai a través de e-mail, ao que se lle adxunta a listaxe dos documentos solicitados coa súa sinatura correspondente individualizada. No arquivo do Museo é preparada polo persoal adscrito a dito arquivo: é cotexada coa petición e unha vez redactada a correspondente Dilixencia de entrega, é enviada a este Arquivo, desde onde se lle avisa ao consultor, por e-mail ou teléfono, para que veña vela.

Todo este proceso xenera unha tramitación extensa no tempo, non solo pola espera dos investigadores que pode chegar a ser de tres, catro ou máis días, senón dos propios traballadores do Arquivo e do Museo (neste proceso están implicados xefes de servizo, arquiveiros, técnicos, axudantes de arquivo, operarios, condutores). Por non falar do risco que corre a documentación ao saír das dependencias arquivísticas, trasladarse pola rúa, sen un control total sobre a garda e custodia de ditos documentos.

Por esta vía, atendéronse un total de 46 investigadores/consultores en sala, que xeraron unhas 250 peticións de documentación.

2. Traslado da serie 4.1.1. Mandados de pagamento e ingreso a Príncipe Felipe.
3. Revisión do proceso de dixitalización dos fondos documentais do Arquivo da Deputación. Fase II.

# NOVAS DE PRENSA
# ANO 2004

ARQUIVO DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

# A Deputación catalogará e clasificará o patrimonio bibliográfico e documental da Fundación Penzol

## *Louzán asinará un convenio de colaboración coa entidade viguesa e visitará a súa sede o vindeiro día 4*

Rafael Louzán, cunha representación da Fundación Penzol encabezada polo seu director, Alfonso Zulueta de Haz (no centro da imaxe)



A Deputación de Pontevedra catalogará e clasificará o patrimonio documental e bibliográfico da Fundación Penzol, segundo acordou hoxe o seu presidente, Rafael Louzán, cunha representación da entidade viguesa encabezada polo seu director, Alfonso Zulueta de Haz. No curso dunha entrevista mantida no Pazo Provincial, Louzán comprometeu a súa visita institucional á fundación de interese galego para o vindeiro 4 de febreiro.

A Deputación Provincial e a Fundación Penzol asinarán un convenio de colaboración económica e cultural para recuperar e defender o patrimonio da cultura galega. Os termos do devandito acordo, serán concretados con posterioridade á visita do presidente provincial á sede viguesa da fundación.

Preténdese, con el, afondar na liña de colaboración institucional que ata agora veñen mantendo ambas entidades e que fructificou, nos pasados anos, na edición de audiovisuais sobre insignes persoeiros da vida cultural e política galega como Castelao, Portela Valladares ou Osorio-Tafall, e na publicación de libros sobre o xornalista Alfredo Vicenti, a súa obra ou sobre a figura do empresario e productor cinematográfico vigués Cesáreo González.

A Deputación Provincial e a Fundación Penzol manteñen outros proxectos, na liña anteriormente sinalada e noutras para o actual exercicio de 2004.

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Gabinete de Prensa, 22/01/2004**

26/01/2004 10:05:16

# Louzán anuncia en Vigo a sinatura de dous convenios coa Fundación Penzol e co Concello

## *A Deputación clasificará e catalogará os fondos da Penzol e triplicará a inversión que viña percibindo o concello por plans de obras específicos*



Rafael Louzán, xunto a Alfonso Zulueta de Haz (esquerda da imaxe), presidente da Fundación Penzol e Miguel Pereira Figueroa, Xefe do Servicio de Patrimonio Documental da Deputación de Pontevedra, na súa visita as instalacións da fundación

O presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, anunciou hoxe en Vigo a inminente sinatura de dous convenios coa Fundación Penzol e co Concello de Vigo así como a apertura dunha oficina da Deputación Provincial na cidade olívica.

Na súa visita á Fundación Penzol -na que percorreu as dependencias co seu presidente, Alfonso Zulueta, directivos e persoal técnico da institución viguesa e da Deputación- Louzán anunciou o acordo para que o Servicio de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación catalogue, clasifique e dixitalice os fondos da entidade. Anunciou tamén que o acordo incluirá unha partida económica para o desenvolvemento de actividades e a publicación de inéditos de Otero Pedrayo e Martínez López, entre outros.

Respecto ó convenio có Concello, Louzán dixo, en rolda de prensa celebrada na Autoridade Portuaria, que incluirá temas culturais, deportivos e de infraestructuras. Sinalou que os proxectos estaban sendo rematados polo concello e anunciou que a Deputación aportará, cando menos, o triple do que viña percibindo Vigo por estes plans específicos.

Este convenio, que será asinado en breves datas, deriva dos cambios de criterio que Louzán introduzo este ano no Plan Provincial de Cooperación (PPC), que ten unha cuantía de 5,2 millóns de euros. Ata este ano, este plan distribuíase usando como criterio unha porcentaxe do 60% para a poboación e do 40% para o territorio e, nos concellos que superaban os 20.000 habitantes, excluíase do cómputo a poboación do casco urbán.

A partir do cambio propiciado por Louzán, o PPC distribuirase tendo en conta a totalidade da poboación e non só a das zonas rurais. Como os concellos de Vigo e Pontevedra teñen opción a presentar proxectos singulares ante o Ministerio de Administracións Públicas, có fin de que non perdan, a Deputación decidiu asinar con eles sendos convenios para outorgarlles a cantidade que, en caso de entrar no PPC, lles correspondería.

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Gabinete de Comunicación, 04/02/2004**

05/02/2004 09:47:30

# O Arquivo da Deputación reorganiza os fondos documentais do Concello de Bueu

## *Este tipo de actuacións manténense dende 1981 e garanten a conservación e organización do patrimonio documental das diferentes entidades locais da provincia*

O Servicio Técnico do Patrimonio Documental da Deputación está a levar a cabo un completo proceso de reorganización xeral dos fondos documentais conservados polo Concello de Bueu, logo da habilitación dun local provisional apropiado, a centralización dos fondos documentais, procedendo á súa organización de acordo co novo cadro de clasificación para arquivos municipais e a elaboración dos oportunos instrumentos en soporte tradicional e informático.

Téntase neste caso un proceso técnico a partir das 2.590 unidades de instalación xa inventariadas entre 1984 e 1989 (1.270 caixas e 1.320 libros), ás que se lles engadirá o conxunto documental xerado polo Concello dende entón, que, con seguridade, duplicará o seu número total final.

Esta documentación sufriu nos últimos anos sucesivos traslados e avatares ata o seu destino actual na casa da cultura de Cela. Corresponde basicamente ós séculos dezanove e vinte, aínda que conserva documentos illados anteriores como unha escritura foral de 1563. En todo caso son testemuño real de decisións, actuacións servicios e accións desenvoltas polo concello e, polo tanto, unha fonte de extraordinaria importancia para o seu estudio e coñecemento, así como garantía de dereitos.

Este tipo de actuacións desenvólvense mediante un continuo labor de asistencia técnica permanente, dende 1981, pola que se vén contribuíndo a garantir a conservación e organización do patrimonio documental procedente das diferentes entidades locais da provincia.

Esta actuación pública, única en Galicia, permítelles tanto ás administracións implicadas coma ós cidadáns e investigadores disporen de medios áxiles e útiles para o seu manexo e control. Na práctica totalidade atópanse informatizados os diferentes instrumentos descritivos (cadro de clasificación, inventario somero e inventario detallado) cunha mesma planificación.



Estado actual no que se atopan as instalacións do Arquivo Municipal do Concello de Bueu

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Servicio Técnico do Patrimonio Documental,**
**13/02/2004**

13/02/2004 10:26:41

# Organización do arquivo municipal da Illa de Arousa

## *O STPDOC da Deputación inicia os traballos de organización e descrición dos fondos documentais*

Por otro lado, Miguel Pereira señala que la Corporación provincial está en el proceso de recuperar todo lo que ha sido compuesto e interpretado en Pontevedra. Además de las grabaciones sonoras (de conferencias, plenos, jornadas, seminarios), quieren elaborar una exquisita discografía gallega. "Queremos canción a canción, de cada disco, todo", destaca el máximo responsable del Archivo Provincial. Aquí se buscarían todos los soportes musicales, ya fuesen de pizarra, de vinilo, banda magnética, casetes, CD o DVD. Del mismo modo, la Deputación ya ha llegado a un acuerdo con la Escuela de Imagen y Sonido de Vigo para adquirir todos los trabajos profesionales que produzca el alumnado.

**Archivos Municipales** | A excepción de los archivos municipales de Pontevedra y Vigo, los demás también son responsabilidad del personal del Servicio de patrimonio Documental y Bibliográfico. "menos tres ayuntamientos, en los demás podemos entrar ya que toda la información está informatizada", asegura Miguel Pereira, concretando los pormenores del viaje que le llevará a Madrid para la presentación de un libro que publica la sección Editorial de la Deputación. También son responsables de los archivos de otras entidades locales y de los Juzgados de paz.

En definitiva, uno puede acercarse al Archivo, teclear en un ordenador un tema de interés, y allí saldrá todo lo que exista en los archivos sobre ello.

LIQUIDACIÓN TOTAL POR CIERRE
30%
DE DESCUENTO

MILES DE OFERTAS EN MUEBLES
➥ Moderno ➥ Auxiliar
➥ Clásico ➥ Sofás
➥ Rústico ➥ Colchones
➥ Juvenil ➥ Etc.
MÁS DE 6000 m² de EXPOSICIÓN Y VENTA

Nº 1 EN PRECIOS
TIFÓN
HIPERMUEBLE
www.tifon.net
La Cendona (Lérez), s/n
Telf.: 986 83 30 66 - Fax: 986 83 32 29
PONTEVEDRA

# O Servizo de Publicacións da Deputación editará en tres volumes un estudio sobre *A Xurisdicción do Morrazo nos séculos XVII e XVIII*

**A obra divídese en tres volumes o que facilita a súa consulta**

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Gabinete de Comunicación**
26 ABRIL 2004

O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra vén de editar en tres tomos un traballo de investigación titulado *A Xurisdicción do Morrazo nos séculos XVII e XVIII*, elaborado por Hilario Rodríguez Ferreiro despois dun traballo de máis de doce anos sobre as poboacións que se atopan na beira da península do Morrazo.

Trátase dunha obra incluída na colección "Ensaio e investigación" na que o profesor, prematuramente desaparecido e discípulo das ensinanzas que aborda a antiga xurisdicción do Morrazo dende todos os ángulos imaxinables. Para un mellor entendemento e facilidade na consulta, a monumental obra divídese a efectos editoriais en tres volumes. O primeiro deles, con 366 páxinas, comprende sete capítulos que desenvolven as características xeográficas e aspectos xerais das zonas estudiadas, ademais das fontes demográficas e da análise e composición da poboación da bisbarra do Morrazo.

Pola súa banda, o tomo II, de 576 páxinas, trata os aspectos económicos: o campo e os distintos tipos de explotación agraria, a evolución das especies cultivadas, rendementos e rendas agrícolas, o sector gandeiro e a comercialización de gando vacún, porcino, equino, lanar e caprino, a distribución profesional da poboación, os prezos dos productos e os circuítos comerciais, o réxime de propiedade da terra e a estructura poboacional. Finalmente, o terceiro tomo consiste nun apéndice documental referido á economía, cadros estatísticos e gráficas que fan referencia ós textos da copiosa obra.

Copyright © 2002-2004, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
http://www.depontevedra.es/

# A Deputación inicia a terceira fase do plan de desinfectación de arquivos de 42 concellos

**O Servizo de Patrimonio Documental investirá 12.000 euros nun traballo que a empresa Andrade Control de Pragas iniciará o vindeiro mes**

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Gabinete de Comunicación**
05 MAIO 2004

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental pon en marcha por terceiro ano consecutivo o Plan de Desinfectación, Desinsectación e Desratización de Arquivos, específico para aqueles locais que veñen cumprindo a función de depósitos documentais (arquivos) nos diferentes concellos da provincia.

Con esta actuación procúrase contribuír á paralización do proceso dexenerativo dos fondos documentais, a engadir ós xa dados polos propios concellos na mellora de locais, instalacións e equipamentos e as actuacións de organización e descrición da documentación conservada.

Deste xeito, dáselle continuidade a esta actuación preventiva e terapéutica contra insectos, roedores e parasitos que afectan en gran medida á integridade e estabilidade dos compoñentes materiais dos documentos. Estas actuacións complementan os habituais controis de nivel de humidade conseguidos, especialmente, pola instalación xeneralizada de deshumidificadores .

O custe deste plan será con cargo íntegro ó orzamento do Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, cunha previsión orzamentaria próxima ós 12.000 euros. Foille adxudicada, do mesmo xeito que en anos anteriores, á empresa especializada ANDRADE. Control de Pragas, con sede social na Coruña e con probada experiencia neste tipo de actuacións.

O programa incluirá dous servizos completos de desinfectación, desratización e desinsectación para desenvolver, en datas que se concretarán coa empresa -inicialmente entre o 1 de xuño e o 30 de setembro-. Neste caso, existe a previsión do selado necesario dos locais nos que se actúe por un período de corenta e oito horas en cada desinfección, empregándose productos debidamente controlados e coas oportunas autorizacións sanitarias.

**Actuacións en 42 municipios da provincia**

No presente ano actuarase inicialmente nun total de 42 arquivos municipais: os dous concellos de Arbo, Baiona, Barro, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, A Cañiza, Catoira, Cerdedo, Cotobade, Covelo, Cuntis, Dozón, Forcarei, Gondomar, O Grove, A Guarda, A Lama, Meaño, Meis, Mondariz, Mondariz-Balneario, Moraña, Mos, As Neves, Nigrán, Poio, Ponte Caldelas, Pontecesures, Portas, Ribadumia, O Rosal, Sanxenxo, Salvaterra de Miño, Silleda, Tomiño,Valga, Vila de Cruces, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

Copyright © 2002-2004, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
http://www.depontevedra.es/

# O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra presenta un libro sobre os cruceiros do Val Miñor e Santa María de Oia

**A obra consta de dúas partes, a pimeira estudia o cruceiro e asegunda contén un inventario dos cruceiros da zona**

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Gabinete de Comunicación**
24 MAIO 2004

O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra presentou en Oia o título *Cruceros de Val Miñor y de Santa María de Oia. Aproximación a los orígenes y características arquitectónicas de los cruceros*, escrito por Salvador Fernández de la Cigoña Fraga e incluído dentro da colección *Natureza galega*.

Trátase dunha obra estructurada en dúas partes ben diferenciadas, a primeira estudia o cruceiro, buscando as súas orixes e as circunstancias polas que foi considerado como o monumento popular galego máis significativo. Este estudio faise sobre distintos aspectos: relixioso, social e histórico, destacando o primeiro por ser a creación dun espacio sagrado dedicado ó culto de ánimas e protexido polo símbolo da cruz.

Da boa disposición popular cara ós cruceiros e ós petos de ánimas -non sempre vista con bos ollos pola igrexa oficial- pásase ó establecemento dun culto ó obxecto e a unha rápida expansión, favorecida xenerosamente pola Contrarreforma primeiro, e a continuación e paradoxicamente, pola Desamortización de Mendizábal.

Para a segunda parte da obra resérvase o inventario dos cruceiros existentes na área xeográfica estudiada: quince en Nigrán, sete os de Baiona, quince tamén en Gondomar e tres en Santa María de Oia, ademais dunhas sinxelas cruces en Morgadáns, Chaín, Chandebrito e o grupo que forma un vía crucis na segunda parroquia das citadas.

Copyright © 2002-2004, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
http://www.depontevedra.es/

# Organízanse dous novos cursos de arquivos municipais para funcionarios locais

## Un dos obxectivos é o de estimular o coñecemento e manexo do programa informático co que conta a maioría dos arquivos municipais

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Servicio Técnico do Patrimonio Documental**
28 MAIO 2004

Ante o elevado número de solicitudes recibidas con motivo da convocatoria do curso de arquivos municipais do Plan Agrupado de Formación estimouse oportuno programar dous novos cursos de arquivos municipais, coas mesmas características, destinados a funcionarios da Administración local, que terían lugar de forma descentralizada, polo que, atendendo á área xeográfica da maioría das solicitudes, decidiuse que fosen nos concellos de Cambados e do Porriño.

O curso de Porriño iniciouse xa o día 24 do presente mes na aula informática do centro Multiusos que o Concello posúe en Torneiros; a el asiste un total de doce funcionarios do propio concello do Porriño e dos de Salvaterra de Miño, A Cañiza e Mos.

En Cambados está previsto que se inicie o vindeiro luns, 31 de maio, no centro cultural de Vilariño, cun total de doce asistentes, todos eles persoal dos concellos de Cambados, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, O Grove.

En ambos casos, o mesmo có que tivo lugar recentemente en Pontevedra, o contido do curso será eminentemente práctico, cun total de vinte e cinco horas lectivas e destinado a aqueles funcionarios ou persoal laboral fixo, en grupos reducidos, que se veñen ocupando do funcionamento do arquivo nos diferentes concellos da provincia, nun novo esforzo para mellorar o funcionamento dos diferentes arquivos, especialmente o que atinxe ós procesos de actualización e transferencias, ó préstamo e consulta.

Este curso concíbese como unha actividade complementaria do conxunto de actuación do Servizo Técnico do Patrimonio Documental. Ten como obxectivos xenéricos os de contribuír á formación do persoal dos concellos, mellorar a formación específica en materia de arquivística e tratamento documental e o de mellorar a calidade do servizo ós cidadáns en relación coa información mediante o incentivo da adscrición de persoal ós respectivos arquivos dos concellos.

Os obxectivos específicos do curso serían o coñecemento da realidade arquivística actual, especialmente a nivel provincial; ofrecer conceptos básicos de arquivística; coñecer os procesos técnicos precisos para a organización de arquivos municipais, e, de xeito especial, os cadros de clasificación para arquivos municipais en uso na provincia; coñecer os instrumentos de descrición existentes nos diferentes arquivos, así como o seu aproveitamento e mantemento e, por último, coñecer e manexar o programa informático usado no arquivo da Deputación Provincial e nos arquivos municipais desta provincia

Copyright © 2002-2004, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
http://www.depontevedra.es/

# O Servizo de Publicacións da Deputación presenta en tres volumes un estudo sobre a xurisdicción do Morrazo nos séculos XVII e XVIII

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Gabinete de Comunicación**
04 XUÑO 2004

O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra presenta hoxe venres, día 4 de xuño, no salón de plenos do Concello de Cangas, os tres tomos dun traballo de investigación titulado *A Xurisdicción do Morrazo nos séculos XVII e XVIII*, elaborado por Hilario Rodríguez Ferreiro despois dun traballo de máis de doce anos sobre as poboacións que se atopan na beira da península do Morrazo.

Na obra, que pertence á colección "Ensaio e investigación", o profesor, prematuramente desaparecido e discípulo das ensinanzas da Universidade xacobea, aborda a antiga xurisdicción do Morrazo dende todos os ángulos imaxinables. Para mellor entendela e consultala, a monumental obra divídese a efectos editoriais en tres volumes. O primeiro deles, con 366 páxinas, comprende sete capítulos que desenvolven as características xeográficas e os aspectos xerais das zonas estudadas, ademais das fontes demográficas e da análise e composición da poboación da bisbarra do Morrazo. Canto ó segundo tomo, de 576 páxinas, trata os aspectos económicos: o campo e os distintos tipos de explotación agraria, evolución das especies cultivadas, rendementos e rendas agrícolas, o sector gandeiro e a comercialización de gando vacún, porcino, equino, lanar e caprino, a distribución profesional da poboación, os prezos dos productos e os circuítos comerciais, o réxime de propiedade da terra e a estructura poboacional. Finalmente, o terceiro tomo recolle un apéndice documental referido á economía, cadros estatísticos e gráficas que fan referencia ós textos da copiosa obra.

Participarán na presentación a viúva do autor, Gloria Gil Bolaño; o director da tese e catedrático da universidade compostelá, Antonio Eiras Roel; o presidente da Deputación e o deputado delegado de Cultura, Rafael Louzán e José Juan Durán, respectivamente; o prologuista do libro, José Manuel Pérez, o alcalde de Cangas e vicepresidente da Deputación, Enrique Sotelo; e o director do Servizo de Publicacións da Deputación, Miguel Pereira.

Copyright © 2002-2004, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
http://www.depontevedra.es/

# Un libro editado pola Deputación de Pontevedra, finalista do premio Nacional de Literatura

***Epicentro*, de Álvarez Torneiro, forma parte da colección Tambo**

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Gabinete de Comunicación**
07 XUÑO 2004

Un libro editado pola Deputación de Pontevedra, o poemario *Epicentro* foi seleccionado como finalista no Premio Nacional de Literatura, na modalidade de poesía. Esta obra do coruñés Manuel Álvarez Torneiro está incluída na Colección Tambo que saca á luz o Servizo de Publicacións da institución provincial. Este premio distingue a mellor obra de poesía escrita por un autor español en calquera das linguas oficiais do estado, coa finalidade de recoller e estimular a creación literaria.

A longa traxectoria de Manuel Álvarez Torneiro inclúe títulos en castelán pero, sen dúbida, o galego eríxese como a lingua predominante no seu conxunto literario. En *Epicentro* o autor volve a empregar o noso idioma como lingua de expresión poética convertendo a memoria no referente fundamental da súa obra.

Do mesmo autor, a Colección Tambo publica este ano un novo poemario titulado *Setembro Extradivarius*, no que continúa a estética de *Epicentro*. O poeta ten xa no seu haber importantes galardóns entre os que destacan o Premio Esquío (1994), o González Garcés (1998-2000) e o Premio da Crítica Española (1999). A súa selección como finalista nos Premios Nacionais de Literatura supón unha gabanza ó seu conxunto literario e un recoñecemento máis pola súa especial significación na cultura española e galega do momento.

Copyright © 2002-2004, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
http://www.depontevedra.es/

# O Servizo de Publicacións da Deputación presenta tres novos títulos da colección *Arte y Estética*

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Gabinete de Comunicación**
07 XUÑO 2004

O Servizo de Publicacións da Deputación presenta hoxe, ás 20 horas, na Aula Sociocultural de Caixa Galicia en Pontevedra -Café Moderno-, e en colaboración co Ateneo de Pontevedra, tres novos títulos da colección *Arte y Estética*. Trátase de *Máquina para dibujar metáforas. Apuntes de estética práctica*, de Juan Fernando de Laiglesia e González de Peredo; *El arte en sus paradas. "Psicofonías" de la estación de Perpiñán*, coordinado por Eugenio Castro; e *Resistencia de los objetos*, escrito por Mónica Ortuzar, Ignacio Varcia e Rosendo Cid Menor.

Polo que respecta a *Máquina para dibujar metáforas. Apuntes de estética práctica*, non erra o aforismo que fala dun segundo mundo que, partindo da realidade na natureza, se sitúa fóra dela coa axuda da intelixencia e o sentimento. Este e non outro sería o mundo da Arte, outra forma de ver as cousas, de comprender, transformar e aprehender a súa beleza e orde; mundo interno e, por esa razón, persoal e distinto.

No que se refire a *El arte en sus paradas. "Psicofonías" de la estación de Perpiñán*, os debates radiofónicos de Radio Círculo, emisora do Círculo de Belas Artes de Madrid, dentro do programa que lle dá título ó subtítulo desta obra, celebráronse entre os meses de xuño e setembro de 2000 e 2001. Por eles pasaron, entre outros, Ignacio Castro, Yolanda Tabernera, Evaristo Belloti, Luis Fega, Antón Patiño, Álvaro Haro...

Finalmente, no que lle corresponde a *Resistencia de los objetos*, na súa primeira parte, publicada en 2000 con idéntico título, os membros do grupo de investigación do Departamento de Escultura da Universidade de Vigo ofrecían tres visións diferentes sobre o adecuado de entender a arte contemporánea dende a idea de resistencia. Esta segunda entrega segue a tratar o tema de referencia, e malia que cada autor asina o seu propio traballo e en liñas diferenciadas, a tarefa dos tres investigadores revela ata qué punto existe un achegamento nas premisas.

Tomarán parte nesta presentación os autores das obras, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán; a presidenta do Ateneo de Pontevedra, Carlota Román; e o director do Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra, Miguel Pereira Figueroa.

Copyright © 2002-2004, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
http://www.depontevedra.es/

# O Servizo de Publicacións da Deputación presenta *Santa Clara en la Edad Moderna. Estructura económica del convento (1640-1834)*

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Patrimonio Documental e Bibliográfico**
09 XUÑO 2004

O Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra presentará hoxe ás 20 horas no Museo de Pontevedra o título *Santa Clara de Pontevedra en la Edad Moderna. Estructura económica del convento (1640-1834)*, de Gabriel Otero Piñeiro e incluído na colección "Ensaio e investigación".

Trátase dunha clásica producción da factoría compostelá en obras de historia moderna. Elixido o difícil tema -unha institución relixiosa de fundación e feminina de clausura durante unha parte da historia moderna-, o autor debeu superar a dificultade engadida da carencia parcial de fontes documentais. O Congreso Mundial de Historia Económica de 1998 preocupouse da formación, consolidación, xestión e administración das economías monásticas, recuperando un campo de investigación descoidado. Seguindo todas esas pautas, toda análise dunha institución relixiosa iníciase a partir da documentación conservada pola entidade monástica.

Este traballo fundaméntase en tres aspectos: o dominio territorial, que vive de rendas –orixe, extensión e evolución-; evolución económica do convento; e incidencia dos procesos desamortizadores do XIX. Triple formulación que permite observar a vida dunha comunidade mendicante, de carácter urbano e asentamento tardío, con ingresos derivados dun patrimonio propio rústico, ó que se engade un numerario procedente do investimento en bens urbanos e censos monetarios. O arquivo do convento conserva a contabilidade: libro de depósito, de censos, de paneira, rexistro de apeiros, licencias de entrada e profesión dotal de novicias. Serve de complemento o fondo documental notarial, sobre todo as minutas notariais e os expedientes de poxa e redención de censos e foros. A obra péchase cun índice de cadros, gráficos, mapas e unha precisa bibliografía.

Participarán na presentación o autor da obra, Gabriel Otero Piñeiro; o presidente da Deputación e o deputado delegado de Cultura, Rafael Louzán e José Juan Durán, respectivamente, o director do Museo de Pontevedra, Carlos Valle; e o director do Servizo de Publicacións da Deputación, Miguel Pereira.

Copyright © 2002-2004, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
http://www.depontevedra.es/

# A Deputación asinará dous convenios coa Cámara Agraria para recuperar o arquivo cameral e amosarlle a realidade rural os máis pequenos

**Louzán amosou a súa disposición para acudir como representación institucional ás negociacións entre viticultores e adegueiros sobre os prezos**

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Gabinete de Comunicación**
29 XUÑO 2004

O presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, recibiu onte no Pazo Provincial ó presidente da Cámara Agraria Provincial, Román Santalla, quen lle trasladou ó máximo responsable da institución provincial propostas de colaboración entre ambos os dous organismos para recuperar o patrimonio documental que garda a entidade cameral dende 1945 e para achegarlle a realidade agrícola e gandeira ós máis pequenos da Pontevedra urbana, "para que coñezan o día a día do noso agro e que este coñecemento sirva para frear o despoboamento do rural e o abandono da actividade agraria", apuntou Santalla.

Do mesmo xeito, o presidente da Deputación de Pontevedra manifestou que o organismo provincial actuará como representación institucional nas negociacións que se dean entre viticultores e adegueiros de cara a fixar os prezos para a vindeira campaña do viño. Así, o Rafael Louzán mediará nestes encontros e asegurou que "é moi importante que se manteña un acordo entre os dous sectores do viño, que representan un importante eixe económico na nosa provincia".

Tamén trataron Román Santalla e Rafael Louzán a posibilidade de que os viticultores dos municipios limítrofes ós que conforman a Denominación de Orixe Rías Baixas –Pontevedra, Vilaboa e Catoira- se adhiran a ela. Sobre este aspecto, Santalla insistiu en que sería necesario facer un estudo moi rigoroso, de mercado e de condicións climatolóxicas e do terreo, para facer factible esta posibilidade a medio prazo.

Copyright © 2002-2004, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
http://www.depontevedra.es/

# O Arquivo da Deputación actualiza o Arquivo Municipal de Catoira

**Na actualidade conta o arquivo cun total de 879 unidades de instalación**

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Servicio Técnico do Patrimonio Documental**
02 AGOSTO 2004

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Catoira, con 119 novas unidades de instalación e 12 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Catoira, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descrición e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1989, levàronse a cabo un total de catro actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descritivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 879 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1861 e 2003, e cunha base de datos formada por 7.370 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Catoira atópase instalado no local habilitado no baixo cuberta da casa do concello.

Copyright © 2002-2004, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
http://www.depontevedra.es/

# A Deputación de Pontevedra aproba o proxecto de rehabilitación do edificio para Arquivo provincial cun importe de 1,8 millóns de euros

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Gabinete de Comunicación**
22 OUTUBRO 2004

A Deputación de Pontevedra aprobou hoxe en Xunta de Goberno o proxecto de rehabilitación do edificio para o Arquivo provincial, por importe total de 1.802.147,42 euros. A intervención deseñada realizarase no mesmo inmoble que hoxe ocupa o Arquivo da Deputación de Pontevedra, que actualmente ocupa un so andar dos tres que ten o edificio, que con esta reforma serán utilizados na súa totalidade.

Deste xeito, a rehabilitación manterá esencialmente o concepto formal da edificación, a súa visión exterior reflectirá a actual construcción, pero cunha execución claramente diferenciada do resto do corpo orixinal, aínda que de xeito integrador. Unha das premisas básicas da rehabilitación, segundo recolle a mellora do proxecto, consiste en "transformar o Arquivo nunha alternativa cultural ó resto das ofertas da cidade". O corpo central do inmoble, datado dos anos 50, será transformado nun elemento que poña en valor os corpos laterais -do século XVIII- así como a totalidade do edificio. Así, transfórmase nun corpo transparente que abre o edificio á cidade, "pasando dun patio pechado a unha continuidade co exterior, un hall de entrada que se recupera para a cidade enriquecido pola presencia dunha sala de usos múltiples que poderá ser empregada para exposicións, conferencias ou presentacións", indica a memoria.

Baixo as cotas de entrada, proxectáronse dous sotos, destinados a depósito de fondos, que serán a base de todas as actividades que no Arquivo se realice. Ademais, no primeiro andar, destinado a un uso preferente de funcionarios, disporanse os servizos de Asesoramento Lingüístico e Publicacións. Aproveitaranse os laterais para despachos, usando a gran parte central como zona de traballo. O segundo piso, co mesmo criterio que a anterior, presenta unha parte central aberta, onde se disporá unha sala de lectura e uns laterais onde estarán os depósitos de fondos da biblioteca, a sala de investigación, de audiovisuais e os despachos de dirección.

A superficie construída sumará un total de 2.535 metros cadrados distribuídos en dous sotos de 550 metros cadrados, un andar baixo de 549 metros cadrados, un primeiro andar de 443 meros cadrados e un segundo andar doutros 443 metros cadrados.

Copyright © 2002-2004, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
http://www.depontevedra.es/

# O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación habilita unha páxina web na que se poden consultar os fondos propios da institución e dos concellos da provincia

**A través de arquivos.depontevedra.es, publicacions.depontevedra.es e biblioteca.depontevedra.es accédese, entre outros, a máis de 1.000 tarxetas postais e 7.000 documentos cartográficos**

**DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
**Gabinete de Comunicación**
19 NOVEMBRO 2004

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, que dirixe Miguel Pereira, presentou onte a súa páxina web, na que se poden consultar os fondos producidos pola entidade provincial, así como a documentación dos arquivos municipais de practicamente todos os concellos da provincia, fondos audiovisuais, os fondos bibliográficos que posúe a Deputación, a produción editorial da institución provincial, así como documentos hemerográficos e cartográficos.

Miguel Pereira destacou que o traballo de poñer a disposición do cidadán a través de internet –nos enderezos **arquivos.depontevedra.es, publicacions.depontevedra.es** e **biblioteca.depontevedra.es** procede da decisión política do último mandato, baixo a presidencia de Rafael Louzán, aínda que o proceso de compilación de documentación comezou no ano 1981 coa organización dos fondos propios do organismo provincial e dos concellos de Pontevedra.

Polo que se refire ós fondos propios da institución provincial, a través desta páxina web pódense atopar documentos dende 1750 –anteriores á creación das deputacións pero que foron asumidos polo organismo pontevedrés- ata a actualidade. Sobre estes fondos, existe un inventario de 561 páxinas que describen as unidades de instalacións coa información conservada pola Deputación de Pontevedra.

Do mesmo xeito, a través da web é posible consultar outros fondos de carácter público asumidos pola institución, así como documentos de carácter privado –entre eles, o Arquivo da Familia Caamaño, con documentos de entre 1414 e 1895- adquiridos ou doados. "Este traballo nace do desexo de controlar tecnicamente todos os documentos da provincia", apuntou Miguel Pereira.

Tamén recolle a nova web que acaba de presentar o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación co acceso a unha sección de audiovisuais, na que se gardan imaxe fixa (8.219 entradas: tarxetas postais fotografías, fotolitos, discos compactos e DVD's,) arquivos sonoros en vinilo, disco de pedra, DVD e CD, así como parte das actas provinciais en formato sonoro e discografía de Galicia; e un fondo propiamente audiovisual que introduce, entre outros, toda a produción da Escola de Imaxe e Son de Vigo grazas a un acordo asinado entre o organismo provincial e o centro formativo.

## MUNICIPIOS DA PROVINCIA

No que respecta á información dos municipios da provincia, o traballo do Servizo de Patrimonio Documental non só se cinxe ós arquivos municipais, organizados e postos á disposición do cidadán a través de internet, segundo as normas internacionais de control de documentos. Así, tamén se ofrece información sobre o patrimonio documental das entidades locais menores da provincia, dos xulgados de paz, do instituto de Pontevedra e doutros organismos.

Finalmente, a través da páxina web que presentou hoxe Miguel Pereira é posible acceder ó patrimonio bibliográfico, hemerográfico e cartográfico da Deputación, así como á propia produción editorial da institución –coa indicación das coleccións, reseñas e prezos dos volumes-. Sobre este aspecto, o responsable do Servizo de Patrimonio Bibliográfico e Documental asegurou que a documentación cartográfica son os fondos máis novidosos e con máis futuro de entre os que posúe a Deputación. Así, salientou que o catálogo é actualmente de 7.140 imaxes cartográficas e que xa se xestionou a adquisición de 12.000 máis.

Miguel Pereira entende que a habilitación deste servizo virtual para acceder a toda a documentación de Pontevedra facilita o propio funcionamento administrativo, ó lle ofrecer información ó cidadán e, sobre todo, constituír unha ferramenta moi útil para os investigadores que traballen en asuntos relacionados coa provincia de Pontevedra.

Copyright © 2002-2004, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
http://www.depontevedra.es/